

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 12 DE MAIO DE 2017

2.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á aprobación do convenio de colaboración entre o concello de Santiago e a USC para realizar actividades ao amparo do artigo 83 da Lei 6/2001. Apróbase o convenio entre o Concello e a USC para o desenvolvemento de accións conxuntas que permitan a detección e determinación de drogas de abuso e fármacos en fluído oral e a realización de cursos de formación sobre os efectos das drogas en condutores. A colaboración céntrase fundamentalmente na realización por parte dun equipo de investigación da Universidade de Santiago, no Instituto de Ciencias Forenses da Facultade de Medicina, de informes toxicolóxicos específicos relativos á determinación e cuantificación de substancias psicoactivas en medios biolóxicos, no marco dos procedementos de contraste de probas de usuarios implicados en accidentes, infractores, reincidentes e outras situacións nas que é preciso un estudo específico do perfil de consumo. Tamén se realizarán cursos de formación para os axentes da Policía Local sobre os efectos que as drogas poden causar nos condutores.

3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á desconsignación e pagamento de diversas cantidades correspondentes ás parcelas 148-5 e 148-6 do proxecto técnico de expropiación para a execución do xardín botánico. Apróbase a proposta.

4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao recoñecemento da obriga de pagamento a ADIF, do resto do prezo xusto do proxecto de expropiación para a obtención de terreos para un aparcadoiro disuasorio en Pontepedriña (Exp/42/2014). Acórdase executar o acordo do pleno do xurado de expropiación forzosa polo que se fixou como prezo xusto da finca única do proxecto do aparcadoiro disuasorio de Pontepedriña, propiedade de ADIF, a cantidade de 3.890,89 euros, incluído o 5% do premio de afección e sen prexuízo dos xuros de demora que, no seu caso, correspondan. Acórdase recoñecer o dereito de ADIF a que se lle abone a cantidade de 1.844,62 euros, resultado da diferenza entre a cantidade fixada polo xurado e a xa pagada (2.046,27 euros)

5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación do expediente "Servizo de actualización da cartografía BTUG municipal 2017 a escala 1:500 no ámbito da cidade e a escala 1:1000 no resto do término municipal de Santiago de Compostela e xeración de ortofotografía dixital de resolución 10 cm", gasto e apertura do procedemento de adxudicación. Acórdase a apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento aberto, do Servizo de actualización da cartografía BTUG municipal 2017, establecéndose un tipo de licitación de 82.644,63 euros, máis IVE de 17.355,73 euros.

6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á ratificación da cesión da praza número 41 do aparcamento Puente Castro - A Rosa. Apróbase a proposta.

7.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do contrato de "Obras de Mellora da pavimentación dos viarios nas parroquias de Enfesta, Villestro e O Eixo (POS 2016)". Apróbase a adxudicación do contrato a favor da empresa Leonardo Miguélez S.L, por un importe de 81.236 euros, máis IVE de 17.059,56 euros.

8.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Rural e Equilibrio Territorial relativa á adxudicación do contrato de "Mellora e rehabilitación de pavimentos en viarios das parroquias de Santa Cristina de Fecha, Grixoa, Verdía, Nemenzo, Busto, Barciela, Cesar, Carballal, San Caetano e Laraño (POS- 2016)". Apróbase a adxudicación do contrato á empresa Obras y Viales Cerne SL, por un importe de 108.800 euros, máis IVE de 22.848 euros.

9.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación do expediente de "Servizo de mantemento e actualización do portal "orçamento aberto" do Concello de Santiago de Compostela", gasto e apertura do procedemento de adxudicación. Apróbase a apertura do procedemento de adxudicación, mediante procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 5.000 euros/ano, máis IVE de 1.050 euros/ano.

10.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación do expediente de "Servizo de comunicación e xestión de incidencias para o Concello de Santiago de Compostela", gasto e apertura do procedemento de adxudicación. Apróbase o expediente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 4.958,68 euros/ano, máis IVE de 1.041,32 euros/ano.

11.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación do expediente de "Servizo de deseño, produción, montaxe e realización dos espectáculos nocturnos (24 e 31 de xullo) das festas do Apóstolo 2017 da cidade de Santiago de Compostela", gasto e apertura do procedemento de adxudicación. Apróbase o expediente e a apertura do procedemento de adxudicación mediante procedemento aberto, establecéndose un tipo de licitación de 180.000 euros, máis IVE de 37.800 euros.

12.- Proposta da alcaldía relativa á aprobación dun convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e a asociación CORRELINGUA para 2017. Apróbase o convenio de colaboración coa Asociación Cultural Correlingua que contempla a concesión dunha achega de 2.500 euros.

13.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Animal relativa á realización do pagamento correspondente ao 2º trimestre en concepto do convenio entre o concello e a fundación "Refuxio de Animais". Apróbase a realización da transferencia para financiar o funcionamento da Fundación, cunha achega de 39.587,50 euros relativa ao segundo trimestre do ano. A contribución total anual é de 158.350 euros.

14.- Proposta da concelleira delegada de Mocidade, Deportes e Benestar Animal relativa á adxudicación do contrato de "Servizo de mantemento e conservación dos campos de fútbol municipais e zonas verdes anexas ás instalacións deportivas adscritas á xestión do departamento municipal de deportes". Acórdase a adxudicación do contrato a favor da empresa CESP, por un importe de 131.545,42 euros/ano, máis IVE de 27.624,54 euros, ao ser a súa a oferta máis vantaxosa das presentadas. A empresa compromete 400 metros cadrados de rede recollebalóns, a colocación de 20 unidades de elementos de seguridade e protección nas barras laterais das porterías plegables, a construción dunha estrutura de contención de areeiro no contorno do Estadio de San Lázaro e o desenvolvemento dunha plataforma web.

15.- Dar conta pola concelleira delegada de Centros Socioculturais da concesión dunha subvención para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico, con destino ás bibliotecas públicas integradas na rede de bibliotecas de Galicia. Dase conta da concesión da subvención da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria por importe de 3.076 euros para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico para a biblioteca pública José Saramago.

16.- Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa ao nomeamento dos membros do xurado do X Premio Internacional de Álbums Ilustrados 2017. Acórdase que o xurado do X Premio Internacional de Álbums Ilustrados estará presidido polo alcalde e, por delegación, polo concelleiro delegado de Educación e Cidadanía. Serán vogais Xabier P.Docampo, Teresa Durán, Miguel Calatayud, Manuela Rodríguez e Xosé M. Rodríguez-Abella Gómez. A secretaria será Beatriz Varela Morales.

17-71.- Proposta da Concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre o incremento de valor dos terreos de natureza urbana, nas taxas por saneamento e depuración de augas residuais, subministración de auga e conservación de contadores e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, no imposto sobre bens inmobles. Apróbase a proposta.

URXENCIAS

1.-Proposta de alcaldía para dar conta da sinatura do convenio coa Fundación Granell. Dase conta da sinatura do convenio, que supón unha achega do Concello de 135.000 euros.

2.-Proposta de corrección de erro no acordo de Xunta de Goberno de aprobación da xustificación do convenio de colaboración entre o Concello e a Agrupación Cantigas e Agarimos. Apróbase a corrección do importe da subvención a satisfacer que corresponde á correcta xustificación do convenio coa Agrupación Cantigas e Agarimos por valor de 3.497,55 euros.

3.-Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á tramitación da prorroga do contrato de xestión do parque deportivo de Sar e do complexo deportivo municipal de Santa Isabel. Acórdase prorrogar o actual contrato coa sociedade mixta Xestión de Actividades Deportivas e Espectáculos S.L ata maio de 2018.

4.-Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á corrección de erro no acordo da Xunta de Goberno de 21 de abril de 2017 relativo á aceptación de cesión gratuíta derivada de segregación de parcela en Sionlla de Arriba. Apróbase a proposta.

5.-Proposta da concelleira delegada de Mocidade relativa á aprobación da programación do verán e dos prezos públicos das actividades realizadas pola concellería de Mocidade durante o período comprendido entre os meses de xuño, xullo e agosto de 2017. Apróbase a programación de verán, cun gasto que ascende a 18.052,50 euros. Prevese un ingreso de 6.000 euros. Apróbase o prezo público dunha das actividades incluídas na programación, o Campamento Xuvenil Surf Camp, que se celebrará do 3 ao 20 de xullo. Acórdase a gratuídade da actividade do Curso de Premonitor de Tempo Libre.

6.-Proposta da concelleira delegada de Mocidade para dar conta da comunicación dun erro na aprobación da programación e actividades resultantes dos orzamentos participativos e dar conta da realización da actividade “Tamén é machismo”. Dase conta

7.-Proposta da concelleira delegada de Economía e Facenda relativa á adxudicación do contrato do Servizo de coordinación e dinamización do proceso de orzamentos participativos “Compostela Decide, ano 2018. Acórdase adxudicar o contrato a favor da empresa Cidadanía Rede de Aplicacións Sociais SOC COOP Galega, por un importe de 59.900 euros máis IVE de 12.579 euros.

8.-Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía, relativo á aprobación do programa municipal de conciliación Escolas de Verán 2017. Apróbase o programa e os prazos de inscrición que serán entre os días 15 e 29 de maio.